



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS DA XXVI FESTA DO LACÓN CON GRELOS NO MESÓN DO VENTO.

I. OBXECTO.

É obxecto destas bases regular a convocatoria do concurso de carteis da XXVI Festa do Lacón con Grelos no Mesón do Vento que terá lugar os días 22 e 23 de marzo 2025.

II. FINANCIAMENTO.

O crédito para financiar os premios deste concurso están contidos no orzamento municipal para o ano 2025, na partida orzamentaria 338.480.00.

III. PARTICIPANTES.

Poderá participar neste concurso todo o alumnado matriculado en 5º e 6º de Educación Primaria nalgún dos CEIP's do Concello de Ordes (CEIP Campomaioir, CEIP ADR Castelao e CEIP Mesón do Vento).

Cada alumno/a soamente poderá participar con un cartel.

IV. PREMIO

- CARTEL GAÑADOR: 300 €.
- SEGUNDO CLASIFICADO: 150 €.

O cartel galardoado será o cartel anunciador da XXVI Festa do Lacón con Grelos.

V. PRESENTACIÓN DOS CARTEIS.

As obras presentadas non poderán ir asinadas polo/a autor/a, que deberá identificarse cun lema pola parte de atrás do cartel e, irán acompañadas dun sobre lacrado co seguinte título "Concurso de carteis da XXVI Festa do Lacón con Grelos" xunto co lema do cartel.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

No interior do sobre deberán figurar:

- Fotocopia do DNI.
- Os datos persoais do/a autor/a: nome e apelidos, domicilio, teléfono, correo electrónico, idade, CEIP no que estuda e curso, e/ou calquera outro dato que considere relevante.
- Autorización do/a pai/nai/ titor/a para participar no concurso e declaracións asinadas ás que se refire a disposición final das presentes bases (Anexo I).

No exterior do sobre unicamente aparecerá indicado o título “Concurso de carteis da XXVI Festa do Lacón con Grelos” e o “Lema”, sen ningún outro texto ou contrasinal (todo elo para preservar a identidade do/a autor/a).

As obras que non conteñan toda a documentación sinalada, no caso de resultar gañadoras, quedarán automaticamente descalificadas.

O prazo de presentación dos carteis que opten a este concurso será do 27 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2025 as 14:00 horas no rexistro xeral do Concello de Ordes.

VI. CARACTERÍSTICAS DOS CARTEIS.

- Os carteis terán unha medida de 60 x 44 cm, en formato vertical, sen marxes e deberán conter obrigatoriamente os seguintes datos:
 - o Concello de Ordes.
 - o XXVI Festa do Lacón con Grelos
 - o 22 e 23 marzo
 - o Deixar un espazo para poñer a programación.
- Os carteis poderán ser realizados en papel ou lenzo, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais. Recoméndase presentar o traballo sobre un soporte ríxido de cartón pluma ou similar.
- O tema ou motivo do cartel deberá promover a difusión da XXVI Festa do Lacón con Grelos do Concello de Ordes os días 22 e 23 de marzo de 2025.
- Os carteis deben ser inéditos e orixinais, valorarase especialmente a creatividade, o impacto visual e a relación coa filosofía do evento.
- Quedarán descalificadas automaticamente aquelas obras nas que aparezan imaxes procedentes da Internet protexidas con dereitos de autor así como aquelas obras nas que se aprecie o menor indicio de plaxio das mesmas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

VII. XURADO.

O xurado estará integrado polas seguintes persoas designadas polo Alcalde-Presidente:

- Presidente/a: D. José Luis Martínez Sanjurjo.
- Vogais: Yolanda Cela Villaverde, Rocío Varela Rodríguez e Elena Vilariño Fraga
- Secretario/a: actuará con voz pero sen voto. O/a técnico/a en xestión cultural do concello de Ordes.

O xurado valorará a calidade gráfica e a eficacia comunicativa do cartel.

O xurado poderá declarar deserto o concurso no caso de que considere que ningunha das obras presentadas se axusta ou reúne as características e calidade suficiente para ser merecedora do premio. A súa decisión será inapelable.

O fallo do xurado terá carácter inapelable e non é susceptible de ningunha reclamación.

VIII. CARTEL GAÑADOR.

A elección do cartel gañador realizarase o día 14 de febreiro de 2025, ás 14:00 horas no Concello de Ordes.

De entre todos os carteis recibidos, o xurado elixirá o cartel anunciador da XXVI Festa do Lacón con Grelos.

IX. EXPOSICIÓN DAS OBRAS PRESENTADAS.

Todas as obras presentadas serán expostas no stand do Concello de Ordes situado na Nave de Gando do Mesón do Vento durante os días 22 e 23 de marzo 2025.

X. ENTREGA DE PREMIOS.

A entrega de premios realizarase o día 23 de marzo de 2025, día en que se celebra a XXVI Festa do Lacón con Grelos 2025, ás 12 horas no stand do Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES **(A CORUÑA)**

DISPOSICIÓN FINAL.

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Os carteis presentados ao concurso pasarán a ser propiedade do Concello de Ordes, os/as seus/súas autores/as ceden todos os dereitos sobre o seu uso ao Concello de Ordes, que poderá utilízalos sobre calquera soporte gráfico, Internet, téxtil, etc., incluso obxectos de “merchandising”.

Será responsabilidade dos participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Ordes.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

José Luis Martínez Sanjurjo



CONCELLO DE ORDES **(A CORUÑA)**

ANEXO I

D. _____, con DNI nº _____
e domicilio en _____
como pai/nai/titor/a do/a alumno/a _____,
con DNI _____, a efectos de participar no concurso de carteis
organizado polo Concello de Ordes para anunciar a edición XXVI Festa do Lacón con
Grelos.

DECLARO

- Que o pai/nai/titor/a e o fillo/a coñecen e aceptan todas as bases do concurso de
carteis da XXVI Festa do Lacón con Grelos do Concello de Ordes sen ningunha reserva.

-Que como pai/nai/titor, autorizo ao alumno/a a participar no concurso de carteis
organizado polo Concello de Ordes para anunciar a edición XXVI Festa do Lacón con
Grelos.

- Que no caso de que o alumno/a participante resulte gañador/a do concurso de
carteis da XXVI Festa do Lacón con Grelos, pola presente cede a propiedade da obra ao
Concello de Ordes, que se reserva todos os dereitos sobre a mesma, incluído o de
reprodución, polo período de tempo que as leis establezan.

- Que o pai/nai/titor/a e o fillo/a fanse responsables de calquera reclamación
efectuada por terceiros en relación coa autoría do cartel ou o seu posible plaxio.

Ordes, a ____ de _____ de 2025.

Asdo.: O pai/nai/titor/a

Asdo.: O/a alumno/a